

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTES, XUVENTUDE E
VIDA SUADABLE DO DÍA 19/12/2025**

ASISTENTES

PRESIDENTA: D^a. BELÉN CACHAFEIRO ANTA, en substitución de D^a. LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ

VOGAIS: D. JORGE CUBELA LÓPEZ
D. JAVIER TOURÍS, en substitución de D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME
D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO
D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA
D^a. MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ
D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO
D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA
D^a. PAULA BOUZÓS BARROS
D^a. DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ
D. GREGORIO LUIS AGÍS GÓMEZ
D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ
D^a. NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ
D. GORKA GÓMEZ DÍAZ
D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN
D. CÉSAR MOSQUERA LORENZO, en substitución de D^a. BEATRIZ LOMBA RODRÍGUEZ
D^a. MARÍA ORTEGA IÑARREA

Sendo as dez e trinta minutos do día dezanove de decembro de dous mil vinte e cinco, reúnen no Pazo Provincial os/as Sres./Sras. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D^a. Belén Cachafeiro Anta. Actúa como secretaria a xefa do Servizo de Deportes, Xuventude e Vida Saudable, D^a Marina Piñeiro Novo.

Aberta a sesión pola Presidenta procédese ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.

Non existindo ningún reparo, apróbase por unanimidade a acta da sesión do día vinte e un de novembro de dous mil vinte e cinco.



2.- Dar conta da "MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA A ADQUISICIÓN OU ADAPTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE E MOBILIDADE"

A presidenta da conta da modificación das bases que regulan o procedemento para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra para a adquisición ou adaptación de medios de transporte e mobilidade directamente vinculados ao desenvolvemento da súa actividade habitual no ano 2025.

As bases quedan modificadas nos seguintes puntos:

- Base quinta. Financiamento.

A concesión das subvencións reguladas nestas bases estará condicionada á dispoñibilidade orzamentaria e convocaranse con cargo á aplicación orzamentaria 25/340.3410.789.05 do Orzamento da Deputación correspondente ao ano 2025, por un importe total de seiscientos mil euros (600.000,00 €), logo da incorporación de crédito aprobada polo Pleno mediante a modificación orzamentaria 5/2025.

<i>Deporte xeral.....</i>	<i>300.000,00 €</i>
<i>Deporte náutico.....</i>	<i>200.000,00 €</i>
<i>Deporte para persoas con discapacidade.....</i>	<i>100.000,00 €</i>

- Base sétima. Gastos subvencionables.

"Serán subvencionables as actuacións realizadas entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de marzo de 2026."

- Base décimo oitava. Procedemento de xustificación e pago.

"O prazo de presentación das xustificacións finalizará o 30 de xuño de 2026."

"Para a adquisición dos bens obxecto desta convocatoria, aprobaranse pagamentos anticipados de ata o 80% da subvención concedida. De conformidade co previsto na normativa de subvencións, exímese ás entidades beneficiarias da obriga de constituír garantía, ao non supoñer risco para o cumprimento das obrigas."

3.- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo ás dez horas e corenta minutos do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu, Secretaria, dou fe.

